



CONCELLO  
DE  
RIBEIRA

(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

María Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de CONDUCTOR/A DA BRIGADA CONTRA INCENDIOS en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022, en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (Expte. 2024 ESTB000003),

**CERTIFICA:** Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 11:00 horas do día 26/11/2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na **"ACTA NÚMERO 1.- INICIO DO PROCESO SELECTIVO. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO DE MÉRITOS. CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO."**

(...) Rematada a avaliación, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Outorgar a cada un dos/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan as puntuacións que en cada caso se indican pola fase de concurso de méritos:

Nº	Apelidos e nome	Experiencia profesional (máx. 90 puntos)	Cursos de formación e perfeccionamento (máx. 10 puntos)	Total (máx. 100 puntos)
1º	Cernadas Vilela Alberto José	11,2	10	21,2

**SEGUNDO.-** Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial ([www.ribeira.es](http://www.ribeira.es)) o resultado da cualificación do concurso de méritos do xeito que se detalla no cadro anterior.

**TERCEIRO.-** De conformidade coa Base 8.3 das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración da fase de concurso os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal avaliador.

Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico [maria.sieira.rios@ribeira.gal](mailto:maria.sieira.rios@ribeira.gal), a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

**CUARTO.-** Declarar EXENTO da realización da proba de coñecemento da lingua galega á aspirante ante referida, ó ter acreditado estar en posesión do certificado CELGA 4 ou equivalente.

**QUINTO.-** De conformidade co referido na Base 9ª, e tendo en conta a orde de prioridade para o caso de empate na puntuación final do proceso selectivo recollido na referida Base 9ª das que





CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

rexen este proceso selectivo, a **CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL** quedaría tal e como se dispón a continuación:

Orde	Aspirante	Concurso méritos	Puntuación total
1º	Alberto José Cernadas Vilela	21,2	21,2

**SEXO.-** De conformidade coa Base 9ª das que rexen este proceso selectivo, e concluída a cualificación final do mesmo, procédese a realizar, condicionada ás posibles reclamacións, **PROPOSTA DE NOMEAMENTO como persoal laboral fixo do Concello de Ribeira en favor do/a aspirante ALBERTO JOSÉ CERNADAS VILELA.**

**SÉTIMO.-** De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

*E para que conste, expido a presente certificación por orde da Presidenta do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.*



**FIRMANTE - FECHA**

